

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-03

PARTE 1 (Texto escrito)

Lea o texto que ten a continuación. Tome as notas que precise.

Campamentos, colonias e granxas escola

Ao remate do curso escolar e ante a imposibilidade de contratar unha persoa para o coidado dos pequenos durante estes meses por razóns económicas, de falta de confianza ou de horarios, cada vez é máis habitual que os dous membros da parella alternen as súas vacacións para que o pequeno teña como referente a un dos seus pais. Outra alternativa, de maior éxito e máis atraente, é a que se plasma na crecente oferta de campamentos e colonias de verán.

As colonias son unha opción segura e cómoda, especialmente para os máis pequenos, xa que a diferenza dos campamentos, o aloxamento realízase na propia casa do neno, hoteis, escolas ou albergues preparados para acoller grupos numerosos.

Colonias urbanas. Son as máis solicitadas nos últimos anos. Amais de seren a alternativa máis económica, supoñen unha excelente elección para os nenos máis pequenos (poden acudir a partir de tres anos) e para os pais que non se queren afastar dos seus fillos durante o verán. Funcionan igual ca un centro escolar. Abren as súas portas cara ás nove da mañá (algunhas inclúen a comida) e péchanas sobre as seis da tarde, e as actividades non difiren demasiado das demais opcións: hainas deportivas, ambientais, musicais, de pintura, de teatro, de idiomas, de maxia, etc.

Campamentos de verán. De características semellantes ás colonias, pero neles os nenos conviven en tendas de campaña instaladas en espazos naturais, de acordo á súa filosofía de que os nenos estean en contacto coa natureza. Por iso, aínda que sen esquecer os idiomas e outras materias artísticas e deportivas, teñen especial relevancia as actividades relacionadas co medio, como a observación da flora e da fauna da zona ou as excursións e os itinerarios ecolóxicos.

Granxas escola. Orientadas ao coñecemento da vida rural, representan unha combinación entre unha colonia e o campamento, porque aínda que se pasa a noite en edificios (camas), estase en pleno contacto coa natureza. Os programas combinan as actividades lúdicas e formativas cos labores propios do medio rural: traballo no campo, elaboración artesanal de útiles e alimentos (xabón, pan, queixo, manteiga...) e coidado dos animais e da horta.

Ofertas temáticas para todos os gustos:

- **Artísticas:** son as colonias dedicadas a unha única materia, normalmente de carácter artístico, como a música, o teatro, a danza, o cinema, a fotografía, a maxia etc.
- **Deportivas:** orientadas para os mozos que queiran gozar duns días en contacto co mar, a praia e os deportes náuticos. Vela, windsurf, snórkel, piragüismo, natación, fútbol, baloncesto, atletismo... As posibilidades de practicar un deporte son moitas e variadas. O requisito é que os nenos teñan os sete anos.
- **Ambientais:** son colonias situadas en zonas rurais. Os nenos teñen a oportunidade de coñecer en persoa a flora e a fauna da zona, mentres realizan talleres, excursións, visitas culturais e aprenden a coidar o medio. Tampouco esquecen a práctica deportiva (sendeirismo, natación, orientación etc.). Indicadas para nenos a partir de 7 anos.
- **Multiaventura:** Esta oferta aumenta cada verán. Os mozos pódense iniciar, en pleno contacto coa natureza, na práctica de deportes de aventura como descenso en canoa, tiro con arco, ráfting, escalada, ráppel, hípica etc. Para apuntarse abonda con ter feitos os sete anos.
- **De idiomas:** adoitan ser un combinado de todas as anteriores (multiaventura, deportivas, artísticas), ás que se engade a inmersión no idioma, en moitos casos compartindo clases e lecer con nenos de diferentes países. Unha opción válida para os nenos que xa teñan seis anos.

As colonias deben converterse nun espazo de diversión e educación para os nenos, e de axuda e tranquilidade para os pais. Estes deben sopesar os intereses do neno, os seus gustos, habilidades, preparación física e madurez antes de o enviar a un destes centros de diversión e educación alternativa. Con independencia do ámbito privado ou público, dunha metodoloxía ou outra, as colonias de verán e mais os campamentos e as granxas escola, complementan o proceso de formación regulada que reciben os nenos nos seus centros educativos durante o curso escolar. Ao mesmo tempo concíbense como un espazo idóneo para que nenos e novos convivan con outros rapaces e rapazas da súa idade, e gocen do seu tempo libre dunha forma creativa, participativa e enriquecedora.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1 minuto aprox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco da súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ En que consiste un campamento de verán? ▪ Que tipos de actividades se poden realizar nestes campamentos? ▪ Cales son as modalidades máis demandadas? Como son? 	
3. EXPOSICIÓN	4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <p>A. “Os pais deben sopesar os intereses do neno, os seus gustos, habilidades, preparación física e madurez antes de envialo a un destes centros de diversión e educación alternativa.”</p> <p>B. “As colonias de verán, os campamentos e mais as granxas escola complementan o proceso de formación regulado que reciben os nenos nos seus centros educativos durante o curso escolar.”</p> <p>C. “Ao remate do curso escolar, debido a razóns económicas e por falta de conciliación entre a vida laboral e familiar, cada vez é máis habitual que os dous membros da parella alternen as súas vacacións para que o pequeno teña como referente a un dos seus pais.”</p> <p>D. “As colonias débense converter nun espazo de diversión e de educación para os nenos, e de axuda e tranquilidade para os pais.”</p>	
4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.

OPCIÓN A

“Os pais deben sopesar os intereses do neno, os seus gustos, habilidades, preparación física e madureza antes de envialo a un destes centros de diversión e educación alternativa.”

- Vostede cre que son os pais ou os nenos os que deben elixir as actividades que van realizar nos campamentos? Por que?
- Cre que os rapaces hoxe en día participan máis nas decisións que afectan á súa educación? E que lle parece iso?
- Vostede asistiu a algún campamento deste tipo?
 - (Se si asistiu) Conte a súa experiencia.
 - (Se non asistiu) Que referencia ten destas actividades?
- (Se procede) Coñece vostede algunha iniciativa parecida no seu lugar de orixe? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN B

“As colonias de verán, os campamentos e mais as granxas escola complementan o proceso de formación regulado que reciben os nenos nos seus centros educativos durante o curso escolar.”

- Vostede ve algunha diferenza entre a educación que recibiu vostede e a dos nenos de hoxe en día? Cal
- Parécelle positivo que os rapaces teñan tantas actividades na súa xornada diaria?
- Non pensa que o verán é unha época para pasalo ben e que os rapaces deberían estar xogando todo o tempo, sen obrigas?
- (Se procede) Coñece vostede algunha iniciativa parecida no seu lugar de orixe? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN C

“Ao remate do curso escolar, debido a razóns económicas e por falta de conciliación entre a vida laboral e familiar, cada vez é máis habitual que os dous membros da parella alternen as súas vacacións para que o pequeno teña como referente a un dos seus pais.”

- Vostede cre que este tipo de actividades para rapaces durante as vacacións lles permite ás familias unha mellor conciliación da vida persoal e laboral?
- Coida que é necesario que durante as vacacións estea sempre presente unha figura familiar como referente para os nenos?
- Ocorréselle algunha outra opción para poder conciliar a vida persoal e profesional?
- (Se procede) Coñece vostede algunha iniciativa parecida no seu lugar de orixe? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN D

“As colonias débense converter nun espazo de diversión e de educación para os nenos, e de axuda e tranquilidade para os pais.”

- Vostede pensa que nestes espazos os rapaces poden aprender algo ou tirarlle algún proveito ás vacacións?
- Cre que os pais deixan os rapaces nas colonias como única posibilidade para atendelos no verán?
- Considera que son lugares seguros para deixar un rapaz durante días ou horas?
- (Se procede) Coñece vostede algunha iniciativa parecida no seu lugar de orixe? Cal? Que opinión lle merece?